

***El regreso de las instituciones al análisis político:
la emergencia de un nuevo institucionalismo transaccional***

GONZALO CABALLERO MÍGUEZ

Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións. 2008

[88 páxinas]

Recibido: 12 de xaneiro de 2009

Aceptado: 14 de maio de 2009

A comprensión da historia esixe unha perspectiva integral que incorpore unha análise adecuada dun conxunto de factores que inclúan variables sociais, culturais, políticas, demográficas e económicas, entre outras. Faise cada vez máis evidente a necesidade de establecer interconexións para comprender os acontecementos históricos e darlles un significado. Por iso, o campo da investigación histórica amplíase ata abarcar a totalidade das actividades humanas, desde as socioeconómicas ata as culturais e as intelectuais, pasando, como é obvio, pola política. Un factor clave para estudar a relevancia deste conxunto de factores e variables na historia son as institucións.

Os historiadores económicos temos na extensa obra do profesor Douglass North a mellor proba da importancia das institucións. A interacción entre a evolución das institucións e o nivel dos custos de transacción que expresou North consolidouse como idea de forza para o avance cada vez máis interdisciplinario da análise institucional na historia económica, nun programa de traballo que foi acrecentando claramente a súa musculatura, e aínda máis, se cadra, en determinadas conxunturas, particularmente naquelas nas que se pon de manifesto que o conxunto de condicionantes políticos, xurídicos e de valores sociais vixentes nunha sociedade afecta moi directamente á actividade económica.

Pero, ademais de na historia económica, os enfoques institucionais renaceron con forza a finais do século XX na socioloxía, na economía e na ciencia política. A isto dedicoulle tempo e esforzo continuo o profesor Gonzalo Caballero, un dos principais referentes do novo institucionalismo na Academia española, quen se centra nesta obra no institucionalismo político.

Os datos non fan ao especialista, senón que é no seu tratamento onde reside a clave de saber facer avanzar o noso coñecemento do funcionamento das sociedades e, para iso, as perspectivas institucionais resultan dun indubidable interese.

Este libro trata con acerto e rigor dous argumentos que o converten nunha obra de referencia para os estudosos das institucións. En primeiro lugar, o autor sinala que nas últimas décadas se produciu o retorno das institucións ao centro de atención da ciencia política, e expón polo miúdo como este regreso se produce desde distintas perspectivas teóricas e metodolóxicas. En segundo lugar, a obra asume que a relación mutua entre a economía e a política tamén permite canles de diálogo

entre ambas as dúas disciplinas científicas, e establece os fundamentos teóricos do enfoque institucional transaccional.

A obra consta de dez capítulos que desenvolven con orixinalidade unha axenda institucionalista de investigación. No capítulo 1 o autor introduce o tema das institucións políticas lembrando que, segundo March e Olsen, “*son conxuntos de regras e rutinas interconectadas que definen as accións correctas en termos de relacións entre roles e situacións*”. Deste modo, as institucións políticas determinan en boa medida “*quen poden votar, como se contan os votos e que se vota*”, polo que afectan á provisión de bens públicos e á propia actividade política.

O capítulo 2 expón a motivación que levou ao autor a escribir este libro, apuntando de forma introdutoria algunhas cuestións que suxiren a relevancia das institucións políticas para os estudosos da política. A través dun conxunto de casos históricos e presentes evidénciase que as institucións importan, expoñendo tamén o autor un caso de traballo empírico.

O capítulo 3 presenta o enfoque da elección racional, e particularmente o programa de traballo da elección pública, como un paso previo que permitiu o avance da análise política logo da Segunda Guerra Mundial, e que constitúe o enfoque sobre o que se vai desenvolver o institucionalismo de elección racional.

O capítulo 4 é o encargado de presentar un panorama dos principais enfoques que configuran o novo institucionalismo na ciencia política: institucionalismo normativo, institucionalismo de elección racional, institucionalismo histórico, institucionalismo empírico, institucionalismo sociolóxico, institucionalismo de representación de intereses, institucionalismo internacional.

O capítulo 5 céntrase no estudo dun dese enfoque: o institucionalismo de elección racional, de autores como Barry Weingast ou Kenneth Shepsle, que xerou un conxunto distintivo de aproximacións ao estudo das institucións, á elección institucional e á permanencia das institucións. As institucións son concibidas como conxuntos de regras e incentivos que restrinxen as posibilidades de elección dos axentes políticos, quen buscarán maximizar as súas preferencias dentro dese marco institucional. Este enfoque é central para proceder a construír as bases teóricas do novo enfoque institucional transaccional.

O capítulo 6 recolle a noción de custos de transacción exposta por Ronald Coase, segundo a que os custos de transacción son os recursos necesarios para establecer, manter e intercambiar os dereitos de propiedade. Así mesmo, este capítulo fundamenta a relevancia das institucións a partir da noción de custos de transacción: as institucións son as regras de xogo que determinan o volume dos custos de transacción.

O capítulo 7 desenvolve o programa da *nova economía institucional*, creado a partir da relación entre os custos de transacción e as institucións, e expón como este programa constitúe unha fonte de contribucións para incorporar ao novo institucionalismo transaccional en ciencia política.

O capítulo 8 céntrase na cuestión de presentar a noción e a relevancia dos custos de transacción nos procesos políticos, desenvolvendo un conxunto de argumentos

que explican por que os custos de transacción son tan altos nos mercados políticos.

O capítulo 9 desenvolve algunhas cuestións claves para o programa de investigación dun novo enfoque institucionalista de corte transaccional en ciencia política. En concreto, trata os seguintes asuntos: as fontes do institucionalismo transaccional, a análise da democracia, o papel estabilizador das institucións, as principais achegas sobre a análise política dos custos de transacción e o diálogo entre a teoría política e a económica.

As conclusións realizadas no capítulo 10 revisan os principais argumentos realizados ao longo da obra, e finalizan sinalando que “*para poder cambiar las sociedades en las que vivimos, es necesario conocer cómo funcionan, y ese es el reto del análisis institucional para el siglo XXI*”.

O libro é de lectura necesaria para aqueles economistas, historiadores, politólogos e sociólogos que queiran afondar no estudo das institucións, e especialmente para quen queiran coñecer as teorías contemporáneas máis relevantes sobre as institucións políticas. Non é un libro escrito con xeneralidades ou impresións, senón unha obra exhaustiva nas súas fontes, rigorosa nos seus contidos e orixinal na súa liña argumental.

LUIS MARÍA BARRIO MURGA
Universidade de Vigo